


## UN XOGO CON BÓLAS: A RAIÁ

Seguramente lembrás cando no ximnasio delimitamos espazos con colchonetas e bancos suecos para poder xogar con bólas ("canicas"). Se ti na túa casa tes un lugar no que podes xogar, non perdas a oportunidade de poñer en práctica este xogos ó longo destes días nos que non podemos ir ó colexio. Se podes xogar fóra da casa, perfecto. Se ten que ser dentro, para non estragar o chan, ó haber que marcalo con xiz ("tiza") para facer a raia, podes colocar unha cinta estirada e sobre ela colocas as bólas. Ah, e se tes quen poida xogar contigo, moito mellor. Amósalle ós papás como se xoga!

### A RAIÁ



NOTA: podes colocar máis de 3 bólas enriba da raia. As que ti queiras, segundo sexa a lonxitude da raia. Por outro lado, podes acordar coa persoa coa que xogues que a última bóla que se saque ten valor dobre.

### COMO SE XOGA?

- Hai q intentar sacar as bólas da raia. Fíxate no debuxo desde onde se fai o saque inicial. Os posteriores lanzamentos fanse desde onde quedou a bóla.
- Hai que sacar totalmente as bólas de enriba da raia. Non vale que queden rozándoas. Cando saques unha bóla, métea no peto ("bolsillo").
- Gaña o/a xogador/a que, ó final do xogo, ten máis bólas no peto.